Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os mouros da Pena do Sol

A Pena do Sol está na ribeira, en Vilaescura, Sober (Lugo) e alí vivían os mouros.

Aqueles mouros eran altos e fortes, ían mercar xatos grandes á feira e pagábanos con moedas moi raras.

Despois levábanos á ribeira e desparecían por un túnel que comunica o río Cabe co Sil. Estes mouros eran moi calados; só falaban o preciso para axustar o trato e logo marchaban.

Tamén se di isto mesmo da chamada Pena dos Sinos, que está en Rosende, no mesmo concello de Sober.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Grupo O TRÍCOLE, Documento inédito sobre as lendas de Sober.